



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente dáse publicidade do literal do Decreto núm. 624/2025 de día 27.10.2025 no que se convoca a sesión ordinaria do Pleno do Concello

<<Descrición decreto: EXPEDIENTE DECRETO DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2025

EXPEDIENTE Nº 2025/G010/000012

**DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola secretaria da Corporación o día 27.10.2025, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** - Convocar a todas as persoas membro do Pleno da Corporación á **Sesión ordinaria** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo **xoves día 30.10.2025 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no artigo 90 Real Decreto 2568/1986, entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

**SEGUNDO.** - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

- 1 LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DE SESIÓN ANTERIOR. SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 25-09-2025.**
- 2 PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL ADICIONAL 4/2025.1ª FASE " DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**
- 3 APROBACIÓN DE CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A ENCOMENDA DA XESTIÓN MATERIAL DA SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA POSTOS DE ARQUITECTO/A E ARQUITECTO/A TÉCNICO/A Á DEPUTACIÓN.**
- 4 MOCIÓN BNG: REIVINDICACIÓN DO DÍA 25 DE NOVEMBRO E A NECESIDADE DE INCREMENTAR OS RECURSOS PÚBLICOS PARA FACER FRONTE Á VIOLENCIA MACHISTA.**



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)  
CIF P-1507000 F – Nº REELL 01150695

TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 – [www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal)

Páxina 1 de 2



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

---

- 5 DAR CONTA REMISIÓN ESFORZO FISCAL 2023
- 6 ASUNTOS DE URXENCIA.
- 7 ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: MOCIÓNS URXENTES.
- 8 ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA PRESIDENCIA.
- 9 ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

**TERCEIRO.-** Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á secretaria xeral e á interventora municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. ([www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal))

**CUARTO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos como secretaria municipal, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)>>.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola persoa funcionaria tramitadora así como pola Secretaria Xeral do concello de Ponte deume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

